

se es muller e podes... VOTAR, agradéceoa...

I certame de investigación histórica

BASES

Convócase o I Certame de Investigación Histórica “**Se es muller e podes... VOTAR, agradéceoa...**” dirixido ao alumnado de secundaria dos centros de ensino de xestión pública de Galicia, nas seguintes modalidades:

- Texto breve (traballos de investigación de menos de 20 páxinas)
Os textos presentaranse en formato Open Office ou nalgún outro formato de uso privativo común. A súa extensión non excederá de 20 páxinas de 30 liñas de 70 espazos. Os textos deberán estar redactados en galego. Os textos poderán incluír táboas ou imaxes, sinalando, no seu caso, a procedencia, e deberán incluír bibliografía e portada.
- Texto longo (traballos de investigación de máis de 20 páxinas)
Os textos presentaranse en formato Open Office ou nalgún outro formato de uso privativo común. A súa extensión deberá superar as 20 páxinas de 30 liñas de 70 espazos. Os textos deberán estar redactados en galego. Os textos poderán incluír táboas ou imaxes, sinalando, no seu caso, a procedencia, e deberán incluír bibliografía e portada.
- Exposición (traballo de investigación presentado en forma de presentación)
Os textos presentaranse en formato Impress ou nalgún outro de uso privativo común. A súa extensión deberá superar as

20 diapositivas. Os textos deberán estar redactados en galego. Na presentación poderán incluírse táboas, imaxes, sinalando, no seu caso, a procedencia, música... e deberán incluír bibliografía e portada.

- Banda deseñada
A extensión máxima será de 10 páxinas en B/N ou a cores e técnica libre. Presentarase en formato PDF ou jpg a 300x300 ppp.
- Proposta artística (formato libre)
Poderase presentar calquera proposta artística (pintura, fotografía, escultura, instalación, performance, acción... ou calquera outra técnica que a(s) persoa(s) participante(s) considere(n) oportuna para facilitar a transmisión da mensaxe. Para concursar nesta modalidade presentase unha reprodución da obra (para pintura, escultura ou fotografía presentase unha foto da obra en jpg, 300x300ppp, en caso de performance, instalacións ou calquera técnica que non quede totalmente reproducida por fotografía, poderase presentar un vídeo en formato MP4) para a súa selección; en caso de ser seleccionada, solicitarase o envío da obra para a súa exposición (os custos do traslado e recollida das obras correrán por conta da cada participante).

Tema

O tema da convocatoria anual 2013 é o “**dereito ao voto feminino**”, podendo centrarse en calquera dos aspectos xerais ou particulares relacionados con ese dereito, sendo tarefa do xurado valorar que o traballo estude o tema dun xeito completo e coherente, sen esquecer aspectos centrais do asunto escollido. Así mesmo, o xurado valorará a corrección estilística, a presentación e a orixinalidade, sabendo que nestas cuestións o manexo de fontes históricas e de bibliografía é fundamental.

Admisión de orixinais (data e lugar de entrega)

Os orixinais serán enviados en formato electrónico ao seguinte enderezo: seesmuller.iesmaruxamallo@gmail.com. As propostas artísticas que teñan que enviarse por correo postal, dirixiranse ao seguinte enderezo: IES Plurilingüe Maruxa Mallo. As Casillas, s/n. 15680 (Ordes).

Os orixinais irán acompañados dos seguintes datos:

- Pseudónimo e título da obra que se presenta ao premio *–no texto orixinal–*.
- Nome(s) e apelido(s) da(s) persoa(s) participante(s) *–no texto do correo electrónico–*.
- Centro educativo en que cursa(n) a(s) persoa(s) participante(s) *–no texto do correo electrónico–*.
- Nivel educativo en que se atopa(n) a(s) persoa(s) participante(s) *–no texto do correo electrónico–*.

O persoal encargado da entrega dos orixinais ao xurado asociará, nun documento que se manterá pechado até a ‘apertura de plicas’, o nome da(s) persoa(s) participante(s) e o pseudónimo.

O prazo de entrega dos orixinais remata o **xoves 21 de febreiro de 2013**.

Composición do xurado

O xurado concederá un premio por modalidade e, se así o suxerise a calidade dos orixinais presentados, podería conceder ata un máximo de 2 accésits por modalidade. O xurado poderá declarar deserto o premio.

Premio

O premio consistirá nun agasallo bibliográfico e un obsequio artístico orixinal concibido para a ocasión.

A entrega do premio terá lugar no transcurso dun acto público que se celebrará no Casa de Cultura do Concello de Ordes o día 8 de marzo de 2013.

Para máis información sobre esta convocatoria pódense consultar as bases completas na páxina web do IES Maruxa Mallo (<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmaruxamallo/>).

A organización resérvase o dereito de modificación destas bases facéndoo público na páxina web do IES.

A presentación ao certame supón a aceptación destas BASES.

Resolved lo que queráis, pero afrontando la responsabilidad de dar entrada a esa mitad de género humano en política, para que la política sea cosa de dos, porque solo hay una cosa que hace un sexo solo: alumbrar; las demás las hacemos todos en común y no podéis venir aquí vosotros a legislar, a votar impuestos, a dictar deberes, a legislar sobre la raza humana, sobre la mujer y sobre el hijo, aislados, fuera de nosotras.



Clara Campoamor. *Mi pecado mortal. El voto femenino y yo* (1935).

ORGANIZAN:



IES Plurilingüe Maruxa Mallo

As Casillas S/N, 15680, Ordes

Tel: 981 688 344

ies.maruxa.mallo@edu.xunta.es

**se es muller e podes...
VOTAR, agradece a...**

I certame de investigación
histórica



IES Plurilingüe Maruxa Mallo